

## **SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA TRINTA E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL DOCE.**

No Concello de Láncara, sendo as doce horas do día trinta e un de outubro de dous mil doce, réunese no Salón de Sesiós o Concello Pleno, para tratar dos asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia do Sr. Concelleiros: D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. José Manuel Neira Castro, D. José Manuel Alvarez Rodríguez, D. Andres Manuel Caballero López, D. Carlos Fernández Díaz, D. Dario Antonio Piñeiro López, D. Pablo Rivera Capón, D. Oscar Rodríguez Somoza, D. José Manuel García Aldegunde e D. Carlos Santiago López Sierra.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa de Secretario o titular D. José López Castro

Aberto o acto pola Presidencia, dase conta dos seguintes asuntos:

**1º.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE SETEMBRO DE DOUS MIL DOCE.**

**2º.-DECRETOS Nº 173 A 216.**

**3º.-CIRCULAR INFORMATIVA DA DEPUTACIÓN SOBRE REAL DECRETO LEI 20/2012 DE 13 DE XULLO.**

**4º.-PERSOAL:**

**A) ORDE DO 26 DE SETEMBRO DE 2012 POLA QUE SE CONVOCAN SUBVENCIÓNS NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL PARA O EXERCICIO 2012.**

**B) ESCRITO DE Mª JESÚS LÓPEZ LOUREIRO SOBRE SUBVENCIÓN PARA OFICINAS DE INFORMACIÓN XUVENIL**

**C) ESCRITO DE JOSÉ MANUEL ALVAREZ LÓPEZ, SOBRE RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS.**

**5º.-ESCRITO DO DIRECTOR DO IES GREGORIO FERNÁNDEZ SOBRE,X PREMIO DE NARRACIÓN “IES GREGORIO FERNANDEZ”. ANFITRION DOS ACTOS CONCELLO DE LÁNCARA.**

**6º.-ADHESIÓN DO CONCELLO DE LÁNCARA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E AS ENTIDADES XESTORAS DOS SISTEMAS INTEGRADOS DE XESTIÓN (SIX) DE RESIDUOS DE PILAS E ACUMULADORES (RPA).**

**7º.- ANTIGUA CAMARA AGRARIA, VALORACIÓN DA ARQUITECTO TÉCNICO MUNICIPAL.**

**8°.-DENUNCIA SOBRE BEBEDEIRO DE VILLAESTEVA.**  
**9°.-ROGOS E PREGUNTAS.**

**1°.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE SETEMBRO DE DOUS MIL DOCE.**

Visto o borrador da sesión celebrada o día vinte e cinco de setembro de dous mil doce, este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes.

**2°.-DECRETOS Nº 173 A 216.**

Vistos os decretos Nº 173 ó 216, ambos inclusive.

O Pleno dáse por enterado do contido dos mesmos.

**3°.-CIRCULAR INFORMATIVA DA DEPUTACIÓN SOBRE REAL DECRETO LEI 20/2012 DE 13 DE XULLO.**

Vista a circular informativa emitida pola Excmá Deputación de Lugo, sobre a incapacidade temporal dos empregados públicos municipais trala entrada en vigor do Real Decreto Lei 20/2012 de 13 de xullo.

Visto que as medidas recollidas no Real Decreto Lei entrarán en vigor o 15 de outubro do presente ano.

Visto que este Real Decreto Lei modifica sustancialmente a incapacidade temporal por continxencias comúns (enfermidade común, accidente non laboral) podendo establecer o seguinte resumo:

-3 primeiros días de IT :ata o 50% das retribucións devengadas no mes anterior á baixa. Cando ata a modificación era o 100% da baixa.

-Dende o 4º día o 20 día de IT : ata o 75% das retribucións. Cando ata a modificación era o 100% da baixa.

-Dende o 21 día en diante da IT: ata o 100% das retribucións.

Quedando as retribucións por continxencias profesionais ó 100% dende o primeiro día da IT (continxencias profesionais).

Visto que no apartado 5º) do artigo 9 do Real Decreto citado establece: “cada Administración Pública poderá determinar, respecto do seu persoal, os supostos nos que con carácter excepcional e debidamente xustificadas se poida establecer un complemento ata alcanzar, como máximo o 100% das retribucións que viñeran gozando en cada momento. **A estes efectos, consideranse, en todo caso debidamente xustificadas os supostos de hospitalización e intervención cirúrxica”**

Atendendo á excepcionalidades que se refire o citado artigo, so sería en caso de enfermidades moi graves (cancro ou enfermidades similares), ademais dos xa indicados de intervención cirúrxica ou hospitalización, os supostos nos que se podería acordar completar ata o 100% a diferenza retributiva existente coa prestación da Seguridade Social.

O Pleno por, unanimidade

**ACORDOU:**

Establecer un complemento ata alcanzar o 100% das retribucións que viñeran gozando en cada momento e causen baixa por continxencias comúns, para todo o persoal do Concello nos supostos de carácter excepcionais e debidamente xustificadas,

considerando supostos de carácter excepcional hospitalización, intervención cirurxica, enfermidade grave como é cancro ou similar, todo esto o abeiro do regulado no apartado 5 do artigo 9 do Relá Decreto Lei 20/2012 de 13 de xullo.

#### **4º.-PERSOAL:**

#### **A) ORDE DO 26 DE SETEMBRO DE 2012 POLA QUE SE CONVOCAN SUBVENCIONES NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL PARA O EXERCICIO 2012.**

Vista a orden epigrafiada.

Visto o informe do Secretario que copiado literalmente di:

#### **“INFORME DO SECRETARIO:**

Por parte do Secretario-Interventor informase que débese ter en conta que ao estar aprobado polo Pleno un Plan de Axuste, éste para ser modificado debe ser novamente tratado no Pleno.

Ata a data o Plan de Axuste aprobado polo Pleno, en opinión deste Funcionario, estáse a cumprir, agas no referente ao alumeado público, o non haber feito reformas substancias para o aforro proposto deste ano.

No referente as subvencions que a Administración Autonómica, dende fai anos ven concedendo a esta Administración Local para diversos programas e por conseguinte postos de traballo, que nos dous últimos anos esta rebaixando de forma considerable e incluso suprimindo na súa totalidade, e hora de que unha vez por todas, por parte da Administración Autonómica se fixen estes parámetros de forma definitiva, evitando así o que pasou o ano pasado cos Servizos Sociais de Base, de Axuda a Domicilio, onde despois de ter comprometida a axuda, no mes de outubro modifícase unilateralmente e privase a este Concello de máis de 25.000,00 €. Este ano xa non se subvenciona nada, correndo o Concello co 100% do custo.

Caso similar sucede coas subvencions que ata a data viñan dando para Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local, que cando se deben prorrogar os contratos, obxecto da subvención aparecen novos recortes que no caso actual poden superar os 20.000,00 €. Cando se crean outras subvencions, para outros programas que dentro de pouco estárase na mesma situación, sendo por conseguinte as Administracións Locais as que se terminan facendo cargo de todo este persoal e se financian o 100% con fondos propios ou se despide a xente facendo as correspondentes indemnizacións, o que o final supón unha sangría económica para os Concellos.

Como conclusión final, dunha vez por todas considero que esta Administración Local debe de tomar en consideración e en serio estes feitos e dirixirse as distintas Consellerías das Administración Autonómica para que de unha vez por todas estes servizos que moitas veces non son competencias propias da Administración Local se programen de forma definitiva para evitar o que está sucedendo nestes últimos anos, xa que quen programa e a Xunta e quen paga os Concellos”.

Visto que a subvención concedida foi de 22.705,12 €. (83,95 % da subvención máxima 27.046,00 €)

Visto que para seguir con este servizo nas mesmas condicións que se está prestando é dicir só para este Concello a subvención máxima segundo a orden será de 7.124,91 € (25% do custo)

O Pleno por unanimidade

ACORDOU:

1º.-Acollese ao 25 % da subvención o seguir prestando este técnico os servizo neste Concello só.

2º.-Prorrogar o contrato só por un ano

3º.-Financialo con fondos propios o 75% .

4º.-Comunicarlle a tódalas Concellerías que cando se reduzan as subvencións de maneira considerable, debese comunicar previamente ao obxecto de que as Entidades poidan alegar

5º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

### **B) ESCRITO DE M<sup>a</sup> JESÚS LÓPEZ LOUREIRO SOBRE SUBVENCIÓN PARA OFICINAS DE INFORMACIÓN XUVENIL.**

Visto o escrito presentado por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús López Loureiro.

Visto que esta traballadora ocupase do servizo da Oficina de Información Xuvenil, así como da Biblioteca Municipal, en horario de tarde de luns a venres e o sábado pola mañá.

Visto o informe do Secretario que di:

#### **“INFORME DO SECRETARIO:**

Por parte do Secretario-Interventor informase que débese ter en conta que ao estar aprobado polo Pleno un Plan de Axuste, éste para ser modificado debe ser novamente tratado no Pleno.

Ata a data o Plan de Axuste aprobado polo Pleno, en opinión deste Funcionario, estáse a cumprir, agas no referente o alumeado público, o non haber feito reformar substancias para o aforro proposto deste ano.

No referente as subvencións que a Administración Autonómica, dende fai anos ven concedendo a esta Administración Local para diversos programas e por conseguinte postos de traballo, que nos dous últimos anos esta rebaixando de forma considerable e incluso suprimindo na súa totalidade, e hora de que unha vez por todas, por parte da Administración Autonómica se fixen estes parámetros de forma definitiva, evitando así o que pasou o ano pasado cos Servizos Sociais de Base de Axuda a Domicilio, onde despois de ter comprometida a axuda, no mes de outubro modifícase unilateralmente e priváase a este Concello de máis de 25.000,00 €. Este ano xa non se subvenciona nada, correndo o Concello co 100% do custo.

Caso similar sucede cas subvencións que ata a data viñan dando para a Oficina de Información Xuvenil, que cando se deben prorrogar os contratos, obxecto da subvención aparecen novos recortes que no caso actual poden superar 3.000,00 €, xa que según informacións oficiosas, este ano non se vai convocar esta Axuda. Cando se crean outras subvencións, para outros programas que dentro de pouco estárase na mesma situación, sendo por conseguinte as Administraicóns Locais as que se terminan facendo cargo de todo este persoal e se financian o 100% con fondos propios ou se despide a xente facendo as correspondentes indemnizacións, o que o final supón unha sangría económica para os Concellos.

Como conclusión final, dunha vez por todas considero que esta Administración Local debe de tomar en consideración e en serio estes feitos e dirixirse as distintas Consellerías das Administración Autonómica para que de unha vez por todas estes servizos que moitas veces non son competencias propias da Administración Local se programen de forma definitiva para evitar o que está sucedendo neste últimos anos, xa que quen programa e a Xunta e quen paga os Concellos.

Visto que polo Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López pon de manifesto que non é legal que o Pleno trate este asunto ó estar vinculado este contrato a unha subvención , xa que o que corresponde é dala de baixa neste contrato e que o equipo de goberno a contrate como persoal de confianza

Por parte do Sr. Secretario informase que o Pleno é competente para tratar este asunto e que se debe distinguir entre selección de persoal e financiación. Esta praza cubrese con selección obxetiva e financiación podese acordar modificala cando existan causas para facelo, postura que avala o Sr. Alcalde .

Sometido o asunto a votación o Pleno por maioría absoluta, o votar a favor os 5 Concelleiros do P.P. e 1 do CDL, abstendose os 4 do PSG-PSOE.

#### ACORDOU:

1º.-Desvincular o contrato de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús López Loureiro da subvención que se viña percibindo para a oficina de información xuvenil.

2º.-Financiar o contrato ao 100% con cargo a fodos propios.

3º.-Prorrogar este cotrata por un ano.

4º.-Comunicarlle a tódalas Concellerías que cando se reduzan as subvencións de maneira considerable, se debe comunicar previamente ao obxeto de que as Entidades poidan alegar

5º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**Incorporase a sesión o Concelleiro D. Carlos S. López Sierra.**

#### **C) ESCRITO DE JOSÉ MANUEL ALVAREZ LÓPEZ, SOBRE RECOÑECIMIENTO DE TRIENIOS.**

Visto o escrito presentado por D. José Manuel Alvarez López, sobre recoñecemento de Trienios.

Visto que existen varios contratos que tivo dende o ano 1988 con este Concello cunhas tarefas similares as que está ocupando actualmente.

Visto que cando as tarefas son similares sumanse a duración dos contratos anteriores para o calculo de trienios.

O Pleno por unanimidade

#### ACORDOU:

Examinar os contratos, e ter enconta únicamente os contratos de tarefas similares as que está executando agora.

**5º.-ESCRITO DO DIRECTOR DO IES GREGORIO FERNÁNDEZ SOBRE, X PREMIO DE NARRACIÓN “IES GREGORIO FERNANDEZ”. ANFITRION DOS ACTOS CONCELLO DE LÁNCARA.**

Visto o escrito do IES Gregorio Fernández sobre X premio de narración “IES Gregorio Fernández”.

Visto que nesta edición correspóndelle ao Concello de Láncara ser anfitrión dos actos, supoñendo esto que a maiores da subvención que se acorde pagar, pagar vinte ou vintecinco comidas correspondentes ao día que se realice a votación do premio.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Concederlle unha subvención de 300,00 €.

2º.-Correr cos gastos do día que se realice a votación do premio, ao ser este Concello o anfitrión.

**6º.-ADHESIÓN DO CONCELLO DE LÁNCARA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E AS ENTIDADES XESTORAS DOS SISTEMAS INTEGRADOS DE XESTIÓN (SIX) DE RESIDUOS DE PILAS E ACUMULADORES (RPA).**

Visto o convenio epigrafiado.

Visto que este Concello non ten na actualidade suscrito ningún contrato con empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos, nin percibe compensación económica.

Vistas as dúas modalidades recollidas no convenio.

Visto que para este Concello a opción “B” é a máis adecuada.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Adherirse ao convenio marco de colaboración entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión (SIX) de residuos de pilas e acumuladores (RPA), a traves da opción B: “A entidade local que subscribe esta adhesión comunicara a súa vontade de non coordinar nin sufragar o servizo de recollida, transporte (dende os puntos de recollida selectiva dos residuos, PRS, ata o punto de recollida municipal, PRM) e almacenaxe temporal dos RPA portátiles no seu municipio, a partir deste momento, a partir dun prazo de 3 meses a contar dende a data da presente adhesión ou, no seu caso, ao termo do contrato establecido entre a entidade local e a empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos, se esta data é superior a seis meses. Nese momento, as entidades xestoras dos SIX de RPA realizarán tales funcións, sendo coordinados pola Oficina de Coordinación, de modo que a Entidade Local unicamente se compromete a recepcionar e almacenar temporalmente os RPA portátiles que sexan entregados nos seus PRM e entregados aos SIX de RPA asinantes”.

2º.-Que o mesmo entre en vigor a partir do 01-12-12.

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

## **7º.- ANTIGUA CAMARA AGRARIA, VALORACIÓN DA ARQUITECTO TÉCNICO MUNICIPAL.**

Visto o expediente epigrafiado.

Visto que o edificio da actual cámara agraria, cando foi cedido este Concello atopabase nun estado lamentable de conservación (sen luz, con goteiras a pintura moi deficiente, etc).

Visto que este Concello afrontou as obras de: instalación de enerxía eléctrica, incluída a acometida; eliminación de goteiras e pintado do local en algunhas zonas.

Visto que na actualidade é necesario realizar con carácter de urxencia as seguintes obras: retellado da cuberta con lousa nova, pintado de parte do interior e de todo o exterior.

Vista a valoración feita pola Arquitecta Técnica Municipal, por un valor total de 19.829,00 €

O Pleno por unanimidade

### **ACORDOU:**

1º.-Ofertarlle a Concellería de Facenda a cantidade de 19.829,00 €.

2º.-Para o caso de que a Consellería non acepte a cantidade ofertada, entregar as chaves antes do 01-01-2013, no lugar que esta Consellería nos indique, e facer a correspondente acta.

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde para fecer a acta de recepción de chaves así como para realizar as xestión de compra, de producirse esta.

## **8º.-DENUNCIA SOBRE BEBEDEIRO DE VILLAESTEVA.**

Visto o expediente epigrafiado.

Visto que por parte do veciño D. Isidro López Sangil, de forma reiterada ven presentando neste Concello escritos sobre a oposición de que o bebedero este ubicado na praza Campo da Vila da localidade de Villaesteva, alegando motivos de saúde, o ter alerxia ao po, segundo se desprende dos informes médicos.

Visto que dende fai moitos anos, aproximadamente dende o ano 1990, o bebedero en dimensións máis pequenas existe nesa praza.

Visto que o feito de agrandar o bebedero cando se urbanizou a praza foi motivado para que o gando permanecera menos tempo na mesma, o poder beber máis vacas o mesmo tempo.

Visto que por parte da Alcaldía tomou a decisión de convocar os veciños ó obxecto de saber a opinión dos mesmos sobre si estaban de acordo ou non coa ubicación do bebedero, reunión que se celebra o día 05-10-12, levantandose acta da mesma, que copiada literalmente di:

**“ACTA REUNIÓN CELEBRADA COS VECIÑOS DE VILLAESTEVA o día 5 de outubro de 2012, previa convocatoria de data 26-09-2012, notificada o día 28-09-2012, ó obxecto de tratar a ubicación do bebedero existente na praza do Campo da Vila en Villaesteva.**

En Villaesteva, sendo as dezasete horas trinta minutos do día cinco de outubro de dous mil doce , trasládase o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Láncara D. Eladio Capón López e o Sr. Secretario D. José López Castro, que dá fe do acto, asistindo tamen o encargado de augas municipais D. José Luís Varela Fernández.

**Asistentes Citados:**

MOURIN SANGIL, VALENTIN  
LOPEZ VALCARCEL, MARIA  
RUBIO CAMPOS, LUIS (representado polo seu fillo D. Luís Rubio Maside)  
RUBIO CAPON, INDALECIO  
CELA POMBO, LIDIA  
CELA POMBO, MANUEL  
CAPON LOPEZ, MODESTO  
FERNANDEZ DIAZ, JULIO  
LOPEZ RODRIGUEZ, MANUELA (representada polo seu marido Manuel López López)  
VALCARCE VALCARCE, FAUSTINA (representada polo seu fillo José M. Rubio Valcarce)  
RUBIO SANGIL, OTILIA (representada polo seu xenro Manuel García Celeiro)  
RUBIO MASIDE, JOSE ANTONIO (representado polo seu fillo José J. Rubio López)  
LOPEZ SANGIL, ISIDRO  
GARCIA CARBALLO, RAUL (representado pola súa esposa D<sup>a</sup> Oliva Martínez Sobrado)  
LOSADA FERNANDEZ, JOSE  
SANGIL RUBIO, JOSE LUIS  
MARTINEZ SOBRADO, JOSÉ

**Asistentes non citados:**

MASIDE POMBO, GERMAN, con D.N.I. N<sup>o</sup> 33.855.657-W  
SANTAMARIA ARMADA, CARLOS , con D. N.I. N<sup>o</sup> 76.550.147-Y

Persoase unha vez iniciada a reunión D. ABELARDO LABANDEIRA DIAZ, con D.N.I N<sup>o</sup> 33.843.271-J , representando a súa nai D<sup>a</sup> EMILIA DIAZ REGUEIRO.

Xustifica a súa ausencia D. JOSE LUIS RUBIO DIAZ.

Non comparecen, nin xustifican a ausencia D<sup>a</sup> JULIA CAPÓN SANGIL e D<sup>a</sup> PILAR LÓPEZ VEIGA.

Ningún dos representantes presentan xustificante de representación., sin que ninguén manifeste nada en contra.

Todas as partes acordan por unanimidade que se **vote a man alzada.**



Sometido o asunto a votación sobre si o **bebedeiro** se deixa na praza do Campo da Vila ou se traslada a outro lugar, obtendo o seguinte resultado:

Votos a favor de que o bebedeiro quede na praza do Campo da Vila : **17**

Votos en contra : **3**, sendo este votos os dos seguintes asistentes: D. Isidro López Sangil, D. Julio Fernández Díaz e D. Modesto Capón López.

Finalmente por parte de D. Isidro López Sangil, ponse de manifesto que el está enfermo e ten alerxia ao “polvo procedente dos escrementos das vacas”, polo que debe trasladarse o bebedeiro a outro lugar ao ter a súa casa-vivenda nas proximidades onde está o bebedeiro, manifestando igualmente que hai tres lugares máis idoneos para poñer o bebedeiro do gando, que xo o eran antes, señalando hacia o fondo do lugar: dous nas proximidades da “casa García”, vivienda de D. José Antonio Rubio Maside e hacia a cima do lugar outro nas proximidades de “Casa Rego” vivienda de José Martínez Sobrado, todos eles sin limpar.

Rematando esta reunión as dezaioito horas vinte muniutos, extendendose esta acta que como Secretario dou fe”.

Votando de forma individualizada, e unha sóa persoa por casa, votación que se fai a man alzada por así propoñelo tódolos asistentes, obtendose o seguintes resultado:

Asistentes 20

Votos a favor de seguir no lugar que se otopa a fonte: 17

Votos en contra: 3

Visto que por parte da Consellería de Sanidade remitiuse, a petición de D. Isidro López Sangil, un cartel para colocar na fonte co seguinte texto: “auga sin garantía sanitaria”, cartel que xa está colocado.

Visto que si a praza está nun estado de limpeza normal, limpeza que deben encargarse os veciños de facela, non ten porque perxudicar a saúde de ninguén o feito de que as vacas beban no actual bebedeiro, xa que tamen andan polo camiños públicos, incluída esta praza, cando as levan os prados a pastar.

Sometido o asunto a votación o Pleno por maioría absoluta, o votar a favor os 5 Concelleiros do P.P. e 1 do CDL, abstendose os 4 do PSG-PSOE. e 1 do BNG.

**ACORDOU:**

Respetar o acordo dos veciños de continuar co bebedeiro na praza “Campo da Vila” en Vilaesteva, lugar onde existe dende fai moito tempo, inda que tiña dimensións máis pequenas.

**9º.-ROGOS E PREGUNTAS.**

**ROGOS:**

Por parte do Concelleiro D. Pablo Rivera Capón, roga que se revisen os pagos das existencias a Plenos xa que polo menos se acordou en dous renunciar as dietas (plan de axuste e moción de leite).

Por parte do Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López, roga:

-Que se poña no Tablón de Anuncios as nóminas e todo o que el cobrou cando el foi Alcalde.

-Que o Sr. Secretario teña a disposición de quén o solicite a declaración de bens feita por el, cando tomou posesión do cargo de Concelleiro.

-Tamen roga unha vez máis que se teña en conta o perigo que supón as augas de choiva para a súa vivenda, xa que se pode provocar unha inminente inundación, e de suceder algo grave o Concello será o responsable.

-Por parte do Sr. Alcalde informaselle que xa se está sobre este asunto, que non se fixo antes por falta de persoal.

-Roga dar as grazas por pagarlle a invitación da festa dos maiores, pero el quería pagar a mesma, inda que o normal sería que se lles fixera unha invitación, cousa que non se lles fixo.

Por parte do Concelleiro de Cultura, aclarouselle que pensara que os chamara Suso, o porteiro, por teléfono, respostando Dario que non, pero que tampouco lle parece a forma.

### **PREGUNTAS:**

Por parte do Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López, PREGUNTA :

¿Por qué non se tratan as facturas da feira de ano no Pleno?.

Respostandolle o Concelleiro de Feiras porque o gasto está dentro do límite aprobado polo Pleno no Plan de Axuste, que pode haber outras facturas e de superar este límite virán o Pleno.

¿Pregunta polos 200 l. de aceite do equipo de roza, o Concello tiña a obriga de facer a denuncia na Garda Civil?. Por parte do Sr. Alcalde respostalle que non se fixo denuncia porque non estaba claro o que pasou, pudo ser que se vertera, que se evaporase algún, etc.

Preguntalle ó Sr. Secretario ¿Si e legal dar tubos para as entradas das fincas?

Respostandolle o Secretario que non é correcto, pero que sobre isto leva informando a tódalas Corporación que pasaron por este Concello, incluída a Corporación cando vostede era Alcalde, pero que non se lle fixo nin se lle fai caso a este Informe.

Preguntalle ó Sr. Alcalde ou ó Sr. Secretario por un problema que houbo entre dous funcionarios, de ser certo e cos antecedentes que hai debora convocar os portavoces.

Respostalle o Sr. Alcalde que foi unha simple discusión de dous traballadores e que el non lle deu máis importancia.

Por parte do Sr. Secretario aclárase que é unha discusión sobre cuestións de traballo, pero que para nada se está nunha situación similar a que se refire o Sr. Concelleiro que pregunta, e que non lle parece procedente que estas cuestións saían de portas para fora.

Pregunta: ¿polo escrito que mandou a Confederación do camiño de Villádiga, escrito que considera que non se adapta o que pasou e polo que o Sr. Alcalde mentiu?

Por parte do Sr. Alcalde manifestalle que él limitouse a dicir a verdade e que no futuro se límite a non faltar ó respecto, xa que en caso contrario vereime obrigado a expulsalo do Pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión por orde do Sr. Alcalde, sendo as trece horas trinta minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.

